

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia reclama que se recoñeza a profesión nesta convocatoria do Ministerio de Educación para o apoio educativo

A atención psicolóxica, excluída nas becas para alumnado con necesidades educativas específicas

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2016 - O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia rexeita a actual convocatoria de axudas do Ministerio de Educación para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, na que se exclúen as psicólogas e psicólogos, nun criterio que resulta incompreensible.

O Consejo General de la Psicología, que agrupa a todos os colexios do Estado, presentou un recurso ante a devandita convocatoria. O obxectivo destas axudas é, de acordo coas propias bases, financiar unha "intervención psicoeducativa específica e profesional orientada a alumnos que amosen dificultades concretas de aprendizaxe vinculadas á presenza dalgún trastorno específico". Precisamente, o tratamento deste tipo de dificultades corresponde en concreto a psicólogos e psicólogas, que son quen teñen a competencia para abordar os trastornos e non simplemente implementar unha serie de pautas ou reeducar en casos que non están asociados a algún trastorno.

As competencias como profesionais da psicoloxía ciméntanse sobre coñecementos teórico-científicos e na práctica que abranguen a discapacidade, o trastorno de déficit de atención con hiperactividade e trastornos graves de conduta, todos eles perfís aos que se lle concede esta axuda estatal.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia esiximos ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que se modifique esta convocatoria e se recoñeza a intervención dos titulados e tituladas en Psicoloxía, xa que se trata dos e das profesionais máis idóneos competencial e cualificativamente para o obxectivo que perseguen estas bolsas. Deste xeito, permitirase o mellor aproveitamento destas axudas por parte das persoas beneficiarias, como se veu realizando ata a actualidade.

Acceso á convocatoria: <https://www.boe.es/boe/dias/2016/08/06/pdfs/BOE-B-2016-37709.pdf>

Sáudos,

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal